



Published on *CEIP López Ferreiro* (<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplopezferreiro>)

[Inicio](#) > A BIBLIOTECA DO CEIP LÓPEZ FERREIRO, na actualización dun novo concepto de lectura.

A BIBLIOTECA DO CEIP LÓPEZ FERREIRO, na actualización dun novo concepto de lectura.

Enviado por Anónimo o Mar, 11/10/2020 - 13:02

A BIBLIOTECA DO CEIP LÓPEZ FERREIRO, NA ACTUALIZACIÓN DUN NOVO CONCEPTO DE LECTURA.

Ningunha sociedade pode avanzar se non se adoptan medidas destinadas a mellorar a capacidade lectora e escritora da súa xente en formación.

A biblioteca escolar ten que ser, xa que logo, pilar fundamental no desenvolvemento deste obxectivo, establecendo estratexias de lectura en distintos formatos; promovendo a implicación da comunidade educativa; colaborando con outras institucións para ampliar o abano de posibilidades lectoras, e sobre todo, favorecendo a alfabetización múltiple, definida esta, segundo as Conclusións do Consello da Unión Europea de 26 de novembro de 2012, como “*a comprensión, utilización e avaliación crítica de distintas formas de información, incluídos os textos e imaxes, escritos, impresos ou en versión electrónica*”.

Ata o momento, desde a biblioteca procurábase dar resposta a estes obxectivos mediante proxectos documentais integrados, nos que había que localizar información e expoñela; ademais, ofrecíase material para o desenvolvemento de distintos aspectos curriculares. Por outra banda, e tendo en conta a sociedade do S. XXI na que o noso alumnado vai desenvolverse, a robótica e a radio escolar, como novas formas de linguaxe, tiveron cabida mediante xornadas específicas ou obradoiros de formación, tanto para o alumnado coma para o profesorado.

As [producións](#) [1] foron chegando paseniñamente. Mais este curso, o CEIP López Ferreiro, a través da biblioteca, tivo a honra de ser seleccionado desde a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, por medio da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, para os programas [Biblioteca Creativa](#) [2] e [Radio na biblio](#) [3].

Hai que dicir que somos un dos poucos centros urbanos de Galicia que van desenvolver estes proxectos, encamiñados a concebir a biblioteca como “*un centro creativo de aprendizaxes, na procura de oportunidades para desenvolver metodoloxías colaborativas conectadas ao tratamento do currículo, e tamén para dar resposta a unha gran variedade de intereses culturais e formativos dos distintos sectores da comunidade educativa*” (Plan LIA, desafío número 2).

Así pois, comezamos unha andaina na que as novas linguaxes da programación, da robótica, da radio, dos elementos visuais e sonoros (por medio do teleprompter, a mesa de luz, o vídeo, as distintas formas teatrais...), teñen que estar a carón do libro impreso para que as nenas e os nenos vaian construíndo a súa propia aprendizaxe desde múltiples e variadas fontes de información.

E todo, sen esquecer que hai que formar persoas con valores na igualdade, na solidariedade, na cooperación, no respecto, e sobre todo, na inclusión educativa e, polo tanto, social.

Ese será o gran obxectivo na biblioteca de Lulu, na biblioteca do López Ferreiro.

Equipo de dinamización da biblioteca.

[www. bibliolulu.blogspot.com](http://www.bibliolulu.blogspot.com) [4]



Feito con **Drupal (ver. 6.28)**



Proxecto Webs dinámicas

Xunta de Galicia - Consellería de Educación, 2013

Source URL: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplopezferreiro/node/398>

Links:

[1] <https://lulunasondas.blogspot.com/>

[2] https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/resolucion_convoc_biblioteca_creativa_2020_21_web_2_0.pdf

[3] https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/resolucion_racionabiblio_2020_21_final.pdf

[4] <http://www.%20bibliolulu.blogspot.com>